



RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE 10 BOLSAS DE FORMACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

ANTECEDENTES

1 O 9 de agosto de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) Resolución do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación e se procede á súa convocatoria para o ano 2022. (Código de procedemento VI440D).

2 O 18 de xaneiro 2023 publicouse no DOG a Resolución do 23 de decembro de 2022 pola que se convocan as bolsas de formación deste instituto para o ano 2023.

3 Segundo o ordinal primeiro da Resolución do 23 de decembro convócanse dez bolsas de formación: cinco bolsas para persoas con grao en arquitectura ou con grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante; unha bolsa para persoas con grao de Arquitectura Técnica; unha bolsa para persoas con grao en Enxeñaría con máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos ou máster en Enxeñaría Industrial; dúas bolsas para persoas con grao en Dereito e unha bolsa para persoas con grao en Economía.

4 De acordo co disposto ordinal décimo terceiro da antedita resolución, publícase no portal web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) <http://igvs.xunta.gal/portada> o informe coa puntuación provisional alcanzada, dando un prazo de 10 días, contados desde o día da exposición na páxina web do IGVS, para presentar as reclamacións oportunas contra esta puntuación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

5 En atención ao disposto no ordinal décimo terceiro da antedita resolución, publícase no portal web do IGVS o informe coa puntuación total e definitiva alcanzada, no que consta: "*que á vista das solicitudes presentadas e admitidas non é necesario remitir o expediente a unha comisión de valoración, polo que non se realizará a entrevista*".

6 Consonte ao punto quinto do ordinal décimo cuarto, o 10 de marzo de 2023 o director xeral do IGVS dita resolución motivada na que acorda a cobertura das prazas vacantes na convocatoria realizada na Resolución de 23 de decembro coas solicitudes excedentes das outras titulacións convocadas.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O ordinal décimo terceiro da Resolución do 23 de decembro establece que o órgano instrutor elevará unha proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

2 Segundo dispón o ordinal décimo da antedita resolución, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas.

3 Segundo o punto catro do ordinal décimo cuarto as persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución de concesión, para a súa aceptación, transcorrido o cal, sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Se algunha das persoas propostas non aceptase a bolsa ou, posteriormente renuncia a ela, concederase a bolsa o/a seguinte candidato/a, segundo a orde de puntuación resultante do indicado no punto décimo terceiro da resolución.

4 O ordinal décimo oitavo da Resolución do 21 de xullo de 2022 establece as obrigas das persoas beneficiarias.

De acordo co indicado, PROPOÑO:

1 Aprobar a prelación de candidatos/as consonte a orde de puntuación acadada aos efectos do disposto no resoldo décimo terceiro.

2 Conceder as seguintes bolsas:

- Catro bolsas de grao en Arquitectura ou grao en Estudos de Arquitectura con máster habilitante:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN TOTAL
MARÍA VENCES PARADELA	7,7268
ERIKA BEA SOUTULLO	7,4813
CRISTINA DIAZ FUENTES	6,7368
DIEGO PICOS CARBALLEIRA	6,6903





- Dúas bolsas de grao en Economía:

ECONOMÍA	PUNTUACIÓN TOTAL
SILVIA RODRÍGUEZ MATO	11,8500
BORJA GUTIÉRREZ MASEDA	11,8144

- Catro bolsas de grao en Dereito:

DEREITO	PUNTUACIÓN TOTAL
ADRIÁN ORDÓÑEZ GARCÍA	13,7573
ELIZABETH IGLESIAS ÁLVAREZ	12,5385
FERNÁN SÁNCHEZ BARREIRO	10,7475
MARÍA JANET LÓPEZ ÁLVAREZ	6,6900

3 Convocar as persoas beneficiarias da bolsa de arquitectura para a elección de destino o día 29-05-2023 na sede do IGVS situada en Área Central. Fontiñas - 15781 Santiago de Compostela.

4 As persoas beneficiarias deberán incorporarse o primeiro día hábil do mes de xuño.

Santiago de Compostela,
O director técnico de Solo, Edificación e Calidade
Ricardo Valencia Hentschel

De conformidade coa anterior, RESOLVO:

1 Aprobar a proposta nos termos nela establecidos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela,
O director xeral do IGVS
Heriberto García Porto

